

Don Pablo Montero Carrera, secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 6 de xuño de 2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado, mediante concurso público, para o alleamento de 14 parcelas do Polígono Industrial Outeda-Curro no Concello de Barro. (Exptes.-2024025116-2024025500).

O Presidente decide retirar da orde do día o asunto relativo á apertura do sobre "B", ante o feito de que non existen ofertas de empresas interesadas na adxudicación das parcelas, motivo polo que a Mesa de Contratación no punto anterior acordou propor ao Pleno como órgano de contratación, que declare deserto o concurso público convocado para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (14) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda-Curro (SRAU-I, Outeda-Curro), no concello de Barro.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

